



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE AGOSTO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusa asistencia	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Secretaria acctal	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e trinta minutos do día dez de agosto de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000962 de don Benito Pérez Alonso.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Nande (expediente núm.: 2015/U008/000013), en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N2), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. plantas: planta baixa; altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Oscar López Alba cun orzamento de 60.531,80 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno, de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

De acordo co establecido no artigo 29 da citada lei deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza



de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m , debendo gardar as aliñacións respecto dos viais.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (30,34 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil douscentos dez euros con sesenta e catro céntimos (#1.210,64#).

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre, cofinanciada pola Deputación Provincial a través de convenio asinado ao efecto (nº 106/2015).

Con data 16 de xuño por Resolución da Alcaldía núm. 271/15 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente na *Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre*, cofinanciada pola Deputación Provincial a través de convenio nº 106/2015 .

Á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de xullo, acordou clasificar as ofertas presentadas e requirir a Martínez Montes e Hijos, S.L, como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación xustificativa á que fan referencia os artigos 146.1 e 151.2 do citado Real Decreto Lexislativo.

Dado que o citado licitador presentou en prazo a documentación requirida, de acordo co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro- Adxudicarlle á empresa Martínez Montes e Hijos, S.L con NIF B-15025372 e domicilio social en Rúa da Lagoa, 6- Lucí (15883 Teo) o contrato de obras consistente en *Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre*, mediante procedemento negociado, no prezo de oitenta e oito mil cen (#88.100,00#) euros máis dezaioito mil cincocentos un euros (#18.501,00#) de IVE, que supón unha baixa de sesenta mil cento trinta e oito euros con noventa e cinco céntimos (#60.138,95#) sobre do tipo.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 161-60902 do orzamento vixente de gastos.

Terceiro- Notificarlle a adxudicación a todos os licitadores e citar a Martínez Montes e Hijos, S.L, adxudicataria do contrato, para a formalización do mesmo.

Cuarto.- Publicar a formalización do contrato de obras no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) e no BOP.

Quinto.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto,



para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral.

Sexto.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Sétimo.- Designar como director da obra á técnica dona Clara Lema Rodríguez.

4º.- Certificacións de obras.

4.1.- Certificación núm. 2 da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra do POS 2015.*

Dáse conta da certificación núm. 2 da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra*, incluída no *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2015)* e da factura núm. EO0127 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de vinte e seis mil douscentos cincuenta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (#26.255,25#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4.2.- Certificación núm. 1 da obra de *Ampliación da rede de sumidoiros en Nande.*

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Ampliación da rede de sumidoiros en Nande*, cuxo proxecto e adxudicación aprobouse pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de xullo de dous mil quince, e da factura núm. 2015/193 da empresa adxudicataria Excavaciones Midón, S.L por importe de trinta mil oitocentos catorce euros con trinta e tres céntimos (#30.814,33#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público da escola infantil municipal de Vedra, mediante concesión.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal, modalidade de concesión administrativa, mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia

Dáse conta das seguintes Resolucións da Presidencia do mes de xullo:

Nº Decreto	Data	Asunto
293	02/07/2015	Trienios persoal municipal
294	02/07/2015	Adhesión ao convenio marco Portelo Xunta
295	02/07/2015	Delegando no 4º Tenente de Alcalde don Enrique Vázquez Martínez a celebración de matrimonio civil



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



296	02/07/2015	Aprobando lista definitiva de admitidos/excluídos no proceso selectivo para a contratación dun axudante para o servizo de recollida de lixo para a cobertura das vacacións do persoal do servizo
297	02/07/2015	Aprobando lista definitiva de admitidos /excluídos na gardería municipal para o curso escolar 2015-2016
298	02/07/2015	Adxudicando á empresa Rubén Villasenín Iglesias a cobertura da baixa por enfermidade da traballadora da ludoteca municipal
299	02/07/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Jesús Sánchez Castro
300	02/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de María Carmen Fernández Fernández
301	02/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Wilmer Pichón Romero
302	02/07/2015	Desestimando recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno do 18/12/2014 concedendo licenza para obras en Viño grande (Illobre)
303	02/07/2015	Desestimando recurso de reposición contra resolución expediente
304	03/07/2015	Solicitando unha axuda para o programa de dinamización do autoemprego xuvenil <i>Un paso máis</i>
305	03/07/2015	Designado técnico Mesa de Contratación obra ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Matelo, Cornado e A Torre (convenio 106/2015)
306	06/07/2015	Baixa servizo de axuda no fogar -dependencia de Rita Caldelas Pereiras
307	06/07/2015	Ampliar intensidade SAF de Dorinda A. Pérez Nieves
308	06/07/2015	Ampliación intensidade SAF a don David Mareque Barreiro
309	06/07/2015	Adxudicación caldeira biomasa a Intecner S.L
310	08/07/2015	Aprobación expediente contratación obra de Mellora da pista polideportiva de Santa Cruz de Ribadulla
311	09/07/2015	Contratación persoal para a cobertura das vacacións do servizo de recollida de lixo
312	13/07/2015	Autorización celebración festas do Carme e A Concepción en San Andrés de Trobe
313	15/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Marcos Vaamonde Couto
314	15/07/2015	Incoando expediente baixa de oficio no padrón municipal de habitantes de Eva Kristima Bostrom
315	15/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Juan Jesús Vales García
316	15/07/2015	Aprobación e rexeitamento de facturas de Telefónica
317	21/07/2015	Baixa no SAF de Luz Sanmartín Varcacel
318	22/07/2015	Autorización sardiñada en San Pedro de Sarandón
319	22/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Alicia Lodeiro Martínez e hijos
320	22/07/2015	Alta no padrón municipal de habitantes de María Claudina Salgueiro Canicoba
321	24/07/2015	Alta SAF -Dependencia de Luís Alonso García
322	27/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Jorge Patrignani de la Fuente e Paula Macías Torre



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



323	27/07/2015	Autorización celebración festas en San Fins de Sales
324	27/07/2015	Autorización grellas na área de Cubelas para a festa do chourizo
325	29/07/2015	Aprobación gastos fondo social 2º cuadrimestre do ano
326	29/07/2015	Autorización corte tráfico viais municipais en San Fins con motivo das festas
327	29/07/2015	Prorrogando contrato a Manuel Baluja para reforzo brigada verde meses de agosto e setembro
328	29/07/2015	Incoando expediente limpeza de fincas en A Torre - San Xián de Sales
329	29/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Josías López Leal
330	30/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Carlos Mouriño Reiriz
331	30/07/2015	Clasificando ofertas contrato Mellora da pista polideportiva de Santa Cruz
332	31/07/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Ana Belén Fuentes Raposo

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 1066/15 no que don Antonio Carbia Núñez, con domicilio en Vedra, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 73% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.2.- Escrito núm. 201500000001047 do Club Ciclista Luou..

Dáse conta do citado escrito no que o Club Ciclista Luou expón que o vindeiro 13 de setembro levarase a cabo a XVI edición da proba ciclista Trofeo Vila de Luou e como vén sendo costume os cadetes farán o percorrido por estradas dos concellos de Teo, Santiago, Vedra e Boqueixón, solicitando unha axuda económica para costear a citada proba.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos (#300,00#) euros.

Conclúe ao fío das catorce horas.